

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 30 DE XULLO DE 2020

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día 30 de xullo de 2020, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL,
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral accidental, dona María de las Nieves Fuentes Bermejo.

Non asiste á sesión a concelleira dona Izaskun García Gorostizu e xustifica a súa ausencia a concelleira dona Sandra María Marzoa García.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 15/06/2020

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión extraordinaria

celebrada en data quince de xuño de dous mil vinte, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión extraordinaria celebrada en data quince de xuño de dous mil vinte, sendo aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria celebrada en data quince de xuño de dous mil vinte.

2.- PROPOSTA SOBRE RATIFICACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO AO EIXO ATLÁNTICO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data dezaséis de xuño de dous mil vinte, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e Persoal na sesión de data 23 de xullo de 2020, que literalmente di:

"No preámbulo do Tratado de Roma subliñase que os estados membros da UE están resoltos a sentar as bases dunha unión cada vez máis estreita entre os pobos europeos, propoñendo para iso varias iniciativas. Deste xeito, a UE interésase desde hai anos polos vínculos creados entre as cidades europeas.

A UE esfórzase por incorporar en maior grao aos cidadáns e aos seus representantes locais no proxecto europeo, dándolle así unha verdadeira dimensión humana. As accións organizadas polas cidades e os seus cidadáns reproducen a escala reducida o proceso de unificación emprendido polos Estados membros. Cada unión de cidades constitúe en si mesma unha minieuropa. Europa constrúese desde as cidades.

A Declaración de Porto (1 de abril de 1992), documento fundacional do Eixo Atlántico comeza con esta frase: "*A aplicación e entrada en vigor da acta UNICA EUROPEA a partir do 1 de xaneiro de 1993, así como o desenvolvemento das medidas adoptadas na Conferencia de MAASTRICHT requiren a urxencia de adoptar medidas políticas que permitan asegurar o papel das cidades na construción da EUROPA UNIDA*". En efecto, o proceso de integración europea coñeceu un notable impulso entre a entrada en vigor da acta Única, en 1987, e a do Tratado de Maastricht, en 1993.

Nesa Declaración afirmase que "é condición indispensable a superación das barreiras físicas mediante infraestruturas públicas que permitan vertebrar un MERCADO ÚNICO TRANSFRONTEIRIZO".

Trátase pois, de xerar un espazo político urbano e unhas infraestruturas que permitan relacionarse aos cidadáns dentro dun modelo urbano rexido por actividades terciarias e por unha oferta de ensino superior crecente.

En segundo lugar, o Eixo apostou por unha serie de actuacións que o fixeron visible para a sociedade da Eurorrexión. Nesta liña enmárcanse unha serie de accións chamadas a ter continuidade no tempo, tales como: os Xogos do Eixo Atlántico, a Regata do Eixo Atlántico, a Bienal de Pintura do Eixo Atlántico, o Premio de Narrativa do Eixo Atlántico e as primeiras publicacións con sendas obras sobre a Historia e a Xeografía do territorio eurorrexional.

O fomento dun modelo territorial equilibrado é outro dos obxectivos claramente definidos na actuación do Eixo Atlántico enmarcado na necesidade de ter un sistema urbano sostible.

A análise da positiva actuación do Eixo nos citados eixos, e as potencialidades que para este Concello derivaríanse da participación na devandita organización levou a este Concello a valorar a conveniencia da súa incorporación a esa entidade en data 25 de xuño de 2019, mediante carta persoal do alcalde dirixida ao Secretario Xeral do Eixo,

carta que tivo a súa contestación en data 11 de xullo dese mesmo ano, na que se comunicaba a aceptación da candidatura de Culleredo pola Comisión Executiva do Eixo e a remisión da mesma para aprobación na Asemblea Xeral que tivo lugar o pasado 7 de febreiro.

Por todo o exposto, sométese á consideración do Pleno, a proposta de:

Ratificación da adhesión do Concello de Culleredo ao Eixo Atlántico.”

Consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención (código de documento USG14I00TA)

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que no informe conxunto de Secretaría e Intervención findícase que debe ser aprobado por maioría absoluta e que debe existir dotación presupostaria para levar a cabo o que se propón, estando xa marcado no presuposto aínda que xa se indicou pola directiva do Eixo Atlántico que a cuota correspondente deste ano 2020 verase sustancialmente reducida por mor do Covid 19.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo está de acordo no desenvolvemento do Concello de Culleredo tanto no ámbito económico como no ámbito social pero con respecto á adhesión ao Eixo Atlántico o seu grupo considera que falta bastante información polo que a súa posición e o seu voto neste punto será de abstención.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que pode que moito público do que asiste á sesión plenaria non saiba ben o que é o Eixo Atlántico ao igual que moitos dos que nese momento se atopan na sesión como el mesmo que non saiban o detalle e que teñan unha información superficial polo que sae no xornal sobre a asociación transfronteriza entre Galicia e Portugal constituída por concellos que teñen en común que pretenden superar as barreiras físicas para vertebrar un mercado único transfronterizo; que iso é o que se recolle na proposta e que o considera unha aclaración bastante sucinta, unha xeralidade que agora, na sesión, onde se está para deliberar, debatir e buscar o mellor para Culleredo e adoptar unha decisión non chega para facerse unha idea de se é conveniente ou non e se é conveniente para o conxunto da veciñanza que é o que se busca na sesión plenaria, ver se compensa o custo que hai que pagar por ser socios deste club ou, pola contra, é unha perda de cartos noutro organismo máis dos que se participa e que nunca máis se analiza se redunda en beneficio do pobo de Culleredo, podendo poñer varios exemplos como Cidades polo Clima, Asociación para o Desenvolvemento Rural As Mariñas-Betanzos, Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, crendo que se debe avaliar se serven para algo, e pensa que non se fai esta avaliación; que malia a todo isto, o BNG vai avaliar ben esta proposta e ver os detalles.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o equipo de goberno, unha vez máis, trae a debate e votación un asunto que conta un informe, neste caso conxunto da Secretaría máis da Interventora, que di o que hai que facer para que esta proposta sexa apta para presentar ao Pleno e unha vez máis están indicando cousas que o goberno municipal non cumpre; que respecto da primeira apreciación parécelles inexplicable a maneira de proceder do Sr. alcalde pois o informe di que a proposta é conforme a Dereito pero que debe xustificarse adecuadamente non é un mero formalismo burocrático senón que ten un profundo calado político, preguntando se o que pasa é que o equipo de goberno non ten argumentos para xustificar por que se debe integrar Culleredo no Eixo Atlántico ou se o que pasa é que non saben contar, despois de reunións e visitas e fotos nos xornais, cales son as potencialidades que proporciona a Culleredo participar neste organismo, que oportunidades se lle presentan e que portas se lle abren respecto da situación que hai de non estar participando nese club; que na carilla e media da proposta dise que as argumentacións son “Trátase pois de xerar un espazo político urbano e unhas infraestruturas que permitan relacionarse aos cidadáns dentro dun modelo urbano rexido por actividades terciarias e por unha oferta de ensino

superior crecente”, dicindo tamén que “A análise da positiva actuación do Eixo nos citados eixos, e as potencialidades que para este Concello derivaríanse da participación na devandita organización levou a este Concello a valorar a conveniencia da súa incorporación a esa entidade en data 25 de xuño de 2019, mediante carta persoal do alcalde dirixida ao Secretario Xeral do Eixo, carta que tivo a súa contestación en data 11 de xullo dese mesmo ano”, falando do 2019 e falando da análise da positiva actuación do Eixo nos citados eixos, preguntando onde está esa análise e se estará nalgún informe que lles poidan pasar porque na documentación que lles enviaron non aparece polo que teñen que concluír que non existe; que outro parágrafo a analizar é o que se refire ás posibles potencialidades que para o Concello de Culleredo se derivarían da participación na devandita organización, preguntando cales son e se o equipo de goberno as podería detallar nunha memoria supoñendo tamén que non o fixeron e que son frases sen contido que respaldan a proposta e nada máis; que outro dos comentarios que se extraen da proposta é relativo a que o Concello valorou a conveniencia, preguntando cal é esa conveniencia e como se pode concluír que se valora a conveniencia cando non hai a análise e non se citan as posibles potencialidades referidas; que ademais, a proposta é de ratificación da adhesión do Concello de Culleredo ao Eixo Atlántico pois a Alcaldía xa o decidiu hai un ano sen que a Corporación dese o seu apoio e xa adquiriu un compromiso coa dirección do Eixo Atlántico, tratándose agora simplemente de que toda a Corporación o ratifique, non sendo a primeira vez que se fan as cousas así e que, se hai un ano xa se fixo a análise e se valoraron as potencialidades e a conveniencia de adherirse ao dito organismo, suponse que o Sr. alcalde xa tiña toda a información polo que non sería difícil achegala aos membros da Corporación, pero non se fai, o que fai pensar que non se contaba naquel momento con ningún informe que avalara tal decisión e que o Sr. alcalde o fixo porque lle molaba e punto, dicindo que as cousas non se fan así e que o que procedía é un informe previo no que o Sr. alcalde puxera negro sobre branco nun escrito entregado con tempo dabondo a todos os que na sesión se atopan para deliberar toda esta cuestión, cunha memoria explicativa sobre todas esas oportunidades, potencialidades e fortalezas que agardan existan e se teñan materializado xa no pasado desa institución para outros concellos que xa participan neste Eixe.

Continúa a súa intervención e di que outra cuestión é referida a un asunto burocrático que non considera menor pois o informe das dúas habilitadas nacionais conclúe que a intervención de Culleredo no Eixo Atlántico queda condicionada a que previamente se comunique ao Estado español que Culleredo quere facer un convenio transfronteirizo e que puidera ser que Culleredo se estivera excedendo das súas posibilidades ao abordar unha relación internacional, recordando a bronca que se armou coa apertura de delegacións catalanas en países estranxeiros, e di que se agora o Sr. Rioboo está propoñendo un acto de rebeldía fronte ao Estado español para reivindicar unha maior autoorganización do pobo galego, por eles ben pero que lle dá que non vai por aí o asunto e que do que se trata é de saltar un trámite burocrático que o alcalde ve unha vez máis como unha demora para a foto que tanto lle gusta.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que por último quere facer referencia ao que di a señora Interventora sobre que o pagamento que lle corresponde a Culleredo non figura no orzamento en vigor, que é o prorrogado do 2019, un crédito suficiente e específico para facer fronte á anualidade correspondente, dicindo tamén que si é certo que este problema se solventou, como dixo o Sr. alcalde na súa intervención, ben se puido achegar coa documentación, solicitando que se fagan as cousas ben, que se retire esta proposta da orde do día, que se vote deixala sobre a Mesa, e se cumpra co que se pide que non son cousas menores senón asuntos de gran calado.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Popular, Sr. Rico Vereá quen, unha vez concedido, di que desde o seu grupo pensan que non debería ser adhesión senón un recoñecemento de que Culleredo forma parte do Eixo Atlántico porque está atravesado polo Eixo en si que se entende que é a autoestrada e é un factor indispensable para o desenvolvemento de Galicia, un factor determinante economicamente; que quere retomar do pleno anterior a intervención do Sr. alcalde no debate do orzamento cando dixo que era indispensable que Culleredo conte con suficiente solo industrial considerando ao Sr. alcalde o máximo responsable de que a xestión do solo industrial en Culleredo foi nefasta e agardando que agora, nunha nova fase, Culleredo poña solo industrial á altura e competitivo para que poida seguir a desenvolverse o municipio; que por conseguinte o seu voto

será que si pois considera indispensable formar parte deste Eixe e que toda a actividade económica e incluso a concentración social en Galicia xira ao redor deste eixe.

Seguidamente fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que este é un tema que vén xa dun tempo atrás e que se tratou xa na anterior lexislatura; que cre recordar que lle comentou persoalmente ao Sr. Chouciño Garrido que lle preguntara a Carballo e outros concellos para ver a conveniencia desta adhesión; que concellos como o da Coruña, ou Ferrol están contentos de que Culleredo estea no Eixo Atlántico, nesa organización transfronteiriza, porque é evidente que existen sinerxías entre o norte de Portugal e Galicia que fan conveniente adoptar acordos de cooperación, económicos, acordos á hora de elaborar mallas urbanas sostíbeis, acordos á hora de investir desde Portugal en Galicia e desde Galicia en Portugal e ás veces cuestións como plans urbanos ou plans de mobilidade que se poden facer para tentar mellorar as comunicacións entre dúas nacións como son España e Galicia e Portugal que teñen máis en común do que ás veces se quere recoñecer; que el está encantado de saír en cantas fotos faga falta para mellorar a situación do Concello de Culleredo e orgulloso de saír cos empresarios e empresarias e alcaldes e alcaldesas de Galicia e de Portugal que felicitan a un concello como o de Culleredo pola súa situación estratéxica no Eixo Atlántico e porque ademais é o único concello de Galicia que ten o 100% dun aeroporto no seu término municipal o cual o fai moi atractivo non só para España e para Portugal senón para o resto da Unión Económica Europea porque Culleredo, pegado á cidade da Coruña que foi a que invitou a Culleredo a participar nesa organización transfronteiriza coñecida como Eixo Atlántico, é un lugar estratéxico para o desenvolvemento económico da provincia da Coruña; que se trata unha vez máis de poñer a Culleredo no mapa e non de que o alcalde saia na foto pois o día de mañá pode haber unha alcaldesa ou outro alcalde e tomar as decisións que considere oportunas como facer unha análise exhaustiva de se paga ou non a pena estar nesta organización.... e os alcaldes e alcaldesas teñen que facer achegas de cara ao futuro, sendo a principal achega e satisfacción que cando se vai a unha reunión todos saiban onde está Culleredo e o que é este municipio, habendo empresarios portugueses interesados en investir no municipio de Culleredo para unha maior expansión das súas empresas e para todo isto hai que estar e pertencer a estes organismos pois do contrario serán outras cidades e outros concellos os que poidan aproveitarse desa oportunidade que el, como alcalde, non quere deixar pasar por alto pois hai uns condicionantes deportivos e culturais transfronteirizos de cultura, de deporte, de ocio, que poñen en valor todos os concellos que pertencen ao Eixo Atlántico e que pasou o que pasou por culpa do COVID pero Culleredo xa ía ser sede duns xogos deportivos xunto coa cidade da Coruña e posiblemente tamén Carballo, unha especie de olimpiada na que chegan centos e centos de nenos para practicar diferentes modalidades deportivas e que sería un atractivo tamén porque acompañándoos virían tamén as súas familias e a capacidade hoteleira do Concello de Culleredo e da súa comarca veríase enriquecida e sitios como Siglo XXI e residencias universitarias que ás veces no verán están vacías poderían estar ocupadas, atraendo riqueza ao Concello e, do contrario, se non resultara así, el sería o primeiro en darse conta de que non paga a pena estar aí pero isto é algo que non se pode saber se non se está e a oportunidade que agora hai e vendo cara a onde vai Europa e os fondos europeos que despois se redistribuirán asociados ou agrupados en organizacións como esta e outras considera que non se debe perder a oportunidade de pertencer a esta organización.

Continúa a súa intervención o Sr. alcalde-presidente e di que insiste en que se pode facer unha comisión de análise de como vai evolucionando o Eixo Atlántico na que poderán participar e estar todos e na que se convidará aos responsables do Eixo Atlántico para que veñan a Culleredo e dean a coñecer mellor cales son esas iniciativas que xa están en marcha e que traer ao Pleno a incorporación de Culleredo non sexa algo simbólico senón que se poida entrar no reparto de fondos ou de proxectos que ás veces son en beneficio do territorio; que o seu grupo vai votar en contra da retirada do punto da orde do día pois é algo que foi perfectamente ditaminado e houbo unha comisión informativa que tamén está para que se fagan as preguntas necesarias e se enriquezan as propostas que se presentan no caso de consideralas baleiras de contido; que farán un esforzo para tratar máis polo miúdo esta organización pero non van votar a favor de retirar o punto da orde do día.

O Sr. alcalde-presidente suspende momentaneamente a sesión porque non se ve o vídeo na transmisión directa que se fai da mesma.

Retomada a sesión solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que é a segunda vez que ocorre isto e que a anterior foi nada menos que na sesión onde se someteu a aprobación o orzamento e que lle gustaría ter acceso ao proxecto técnico que se fai para dar cumprimento a unha obriga legal que é garantir o carácter público dos plenos para que a xente poida ver a sesión e que dalgunha forma hai que asegurar esa garantía legal .

Responde o Sr. alcalde-presidente que a garantía legal existe e preguntalle ao Sr. Chouciño Garrido por que fai demagogia das cousas pois isto é algo que sucede puntualmente e puntualmente se corrixe e que o motivo pode ser que caia a sinal ou outro motivo e nestes casos, como sucede noutras corporacións, parálizase o pleno e continúaase cando o problema está solventado.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que é a segunda vez que ocorre isto e que a anterior foi nada menos que na sesión onde se someteu a aprobación o orzamento e que este tema xa se falou co Sr. alcalde no confinamento para esixir unha aplicación informática que dera cumprimento ás garantías esixidas para que o pleno sexa público.

Responde o Sr. alcalde que xa está .

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e pide que conste en acta que o Concello de Culleredo volve ter problemas por segunda vez consecutiva na emisión que debería constituir a garantía legal de que o pleno sexa público.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o Sr. alcalde dixo na súa intervención que para algo deberían servir as comisións informativas e que o Sr. alcalde o primeiro que tería que facer é dar cumprimento á obriga legal, á Lei de procedemento administrativo e Lei de procedemento electrónico, e que se puidera ter acceso electrónico con garantías para ver a documentación dos plenos e a súa entrega e non está sendo así porque o equipo de goberno non quere acollerse á aplicación da Deputación que é gratis para os concellos e que garantiría ese dereito; que o Sr. alcalde dixo tamén que o Sr. Chouciño preguntou nalgunha ocasión polo Eixo Atlántico e que el vive en Culleredo e que son comentarios informais que serven a cada un de auxilio á hora de avaliar como algo adicional pero o meollo da cuestión é que haxa uns informes que indiquen como se teñen que facer as cousas e o equipo de goberno fai referencia a que existen eses informes pero non llos achegan, falando de análises, de potencialidades e de conclusións e iso debería estar nalgún sitio non xa agora senón xa fai un ano cando o Sr. alcalde solicitou a inclusión da que agora piden ratificación; que nesas análises, potencialidades e conclusións falan de que o aeroporto é un atractivo e de colocar a Culleredo no mapa cando Culleredo está xa na cartografía do século XII cando Culleredo xa tiña o Camiño de Santiago que pasaba polo municipio e os muiños de Acea de Ama eran unha industria rural e que xa sabe que esa é unha expresión para indicar que desa forma Culleredo sería máis coñecido pero pregunta se é necesario formar parte dun organismo deste tipo, supramunicipal e transfronterizo, para organizar xogos deportivos, e pide que non se lle entenda mal pois el considera que si que hai obxectivos que fan adecuada esta adhesión pero o que pide é que se concreten pois desta forma habería un instrumento de traballo que facilitaría plasmar esas ideas cando se acuda ás reunións nese organismo e non se iría simplemente a divagar polo que non se pode empezar mal pois neste caso continuaríase mal.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que se falou de fondos europeos pero non se concreta e el pide concreción para que o municipio vaia adiante porque realmente interesa e falta esa concreción e motivación, algo que non só aprecia el senón que a propia Secretaría da Corporación e a Interventora fan referencia no seu informe a esta cuestión; que existe un procedemento para esta xestión e un instrumento como é un convenio coa Secretaría de Estado de Cooperación Internacional polo que solicita se fagan ben as cousas e, unha vez que nos informes indican como se ten que facer, se corrixan as propostas iniciais para que cheguen ás sesións sen nada que

obxectar pois non hai necesidade de facer mal as cousas e insiste na necesidade de solicitar que esta proposta se retire da orde do día para que se faga ben.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido, de que se retire esta proposta da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: tres (3), dos Sres/as Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Votos en contra: catorce (14), dos Sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Rico Verea e Prieto García.

Abstencións: dous (2), dos Sres/as Ferreiro Varela e Mourelle Botana.

Á vista do resultado da votación a proposta non se retira da orde do día.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da alcaldía, de data 16 de xuño de 2020, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (14) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, Rico Verea e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5) dos sres/as Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela e Mourelle Botana.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 16 de xuño de 2020, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 883, DE DATA 13 DE XULLO DE 2020, RELATIVA A NOMEAMENTO DO CONCELEIRO DON ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

A presidencia dá conta aos membros da Corporación Local da resolución da alcaldía número 883/2000 de data 13 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“RESOLUCIÓN

Considerando que segundo o disposto nos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigo 35.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario do Concello e se integra polo Alcalde-Presidente e un número de Concelleiros/as non superior ó tercio do número legal de membros da Corporación, sen que para este cómputo se teñan en conta os decimais.

Considerando que corresponde ó Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como membro da Xunta de Goberno Local ao Concelleiro don Abraham Seijas González.

Segundo.- Notificar persoalmente ao designado esta Resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 884, DE DATA 13 DE XULLO DE 2020, RELATIVA A NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE.

A presidencia dá conta aos membros da Corporación Local da resolución da alcaldía número 884/2000 de data 13 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“RESOLUCIÓN

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 acordouse nomear Tenentes de Alcalde aos concelleiros/as que na mesma se especifican.

Resultando que o que foi segundo tenente de Alcalde, don Diego Antonio Taibo Monelos renunciou ao seu cargo de Concelleiro desta Corporación, renuncia da que tomou coñecemento o Pleno na sesión de data 5 de xuño de 2020.

Considerando que na sesión plenaria celebrada en data 25 de xuño de 2020 tomou posesión como concelleiro don Abraham Seijas González.

Considerando que segundo determinan os artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de decembro, de administración local de Galicia e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os Tenentes de Alcalde son libremente nomeados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Considerando que por Resolución desta Alcaldía do día da data nomeouse membro da Xunta de Goberno Local ao Concelleiro don Abraham Seijas González.

En uso das atribucións conferidas pola normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenente de Alcalde ao Concelleiro membro da Xunta de Goberno Local, Don Abraham Seijas González.

Segundo.- Como consecuencia do acordado anteriormente, a orde de nomeamentos de Tenentes de Alcalde queda do seguinte xeito:

Primeira Tenente de Alcalde: dona María Guadalupe Pombo Carril

Segundo Tenente de Alcalde: don Juan Carlos Iglesias Lovelle

Terceira Tenente de Alcalde: dona Marta María Figueroa Fuentes

Cuarto Tenente de Alcalde: don Carlos Liñares Gestal

Quinta Tenente de Alcalde: dona Marta María Iglesias Becerra

Sexto Tenente de Alcalde: don Abraham Seijas González

Setima Tenente de Alcalde: dona Yessica MéndezSánchez

C.I.F. P-1503100-H

Terceiro.- Notificar persoalmente aos/ás designados/as a presente resolución e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

5.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 885, DE DATA 13 DE XULLO DE 2020, RELATIVA A CREACIÓN E REESTRUTURACIÓN ÁREAS DE GOBERNO.

A presidencia dá conta aos membros da Corporación Local da resolución da alcaldía número 885/2000 de data 13 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

“ RESOLUCIÓN

1.- Dispón o artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) que as delegacións xenéricas que pode realiza-lo alcalde se referirán a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local.

2.- Cada área de goberno representa un sector de actividade da Corporación asignada a unha dirección política en virtude das resolucións que adopte a Alcaldía de acordo coa normativa de réxime local.

3.- O artigo 45 do ROF dispón que as delegacións que poida outorga-lo alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal (ROM) structure os servizos do Concello.

4.- No caso deste Concello de Culleredo, o vixente ROM non establece unha distribución das áreas de goberno local, polo que, en uso da facultade de dirección do goberno e a Administración municipais atribuída ó alcalde polos artigos 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril e 41.2 do ROF, por Resolución de data 18 de xuño de 2019 acordouse crear as áreas de goberno Local.

5.- Esta Alcaldía considera necesario proceder a unha restructuración das áreas de política social, mocidade e promoción do deporte, e a de Seguridade cidadá e persoal, así como a creación da área de mocidade, voluntariado e protección civil, polo que en uso das facultades conferidas polo artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

RESOLVO:

Primeiro.- Reestructurar as áreas municipais de política social, mocidade e promoción do deporte e a de Seguridade cidadá e persoal, que implica a modificación da denominación da primeira e a modificación dos sectores de actividade que comprenden, quedando as mesmas do seguinte xeito:

Área de política social e promoción do deporte.

Esta área xestiona as competencias municipais en materia de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, programas de inserción laboral, políticas de muller, e atención á terceira idade. Correspóndelle a esta área tamén as políticas municipais de igualdade entre homes e mulleres e contra a violencia de xénero.

Nos campos de sanidade intégranse nesta área as políticas municipais de protección da salubridade pública, cemiterios e actividades funerarias.

Tamén xestiona as políticas municipais en materia de promoción do deporte, instalacións deportivas , as relacións con clubs, entidades e asociacións deportivas, así como a relación coas federacións deportivas.

Área de seguridade cidadá e persoal

A esta Área correspóndelle a xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, emerxencias, policía local .

No eido de persoal correspóndelle a xestión de persoal, os aspectos relativos á organización do Concello e ós métodos de traballo.

Segundo.- Crear a área de mocidade, voluntariado e protección civil

A este área correspóndelle á xestión da protección civil, e das políticas municipais de ocupación do tempo libre dirixidas á mocidade, a programación de actividades e das infraestruturas e as relacións con entidades xuvenís. Ocúpase tamén este área do voluntariado

Terceiro.- Como consecuencia do acordado nos apartados anteriores, as áreas de goberno municipal quedan do seguinte xeito:

1. Área de Presidencia

Á Área de Presidencia correspóndelle a coordinación das diferentes áreas municipais, as relacións institucionais , protocolo, planificación estratéxica, comunicación social (web municipal, redes sociais, radio e periódico municipais) .

Ocúpase esta área da planificación estratéxica, mobilidade e transporte.

Correspóndelle tamén a esta área todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno.

2. Área de política social e promoción do deporte.

Esta área xestiona as competencias municipais en materia de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, programas de inserción laboral, políticas de muller, e atención á terceira idade . Correspóndelle a esta área tamén as políticas municipais de igualdade entre homes e mulleres e e contra a violencia de xénero.

Nos campos de sanidade intégranse nesta área as políticas municipais de protección da salubridade pública, cemiterios e actividades funerarias.

Tamén xestiona as políticas municipais en materia de promoción do deporte, instalacións deportivas , as relacións con clubs, entidades e asociacións deportivas, así como a relación coas federacións deportivas.

3. Área de urbanismo.

Esta área comprende a xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo, cuestións relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística, xestión urbanística, concesión de licencias urbanísticas e de actividades, disciplina urbanística, expropiacións por razóns de urbanismo, redacción de instrumentos de ordenación urbanística.

C.I.F. P-1503100-H

4. Área de seguridade cidadá e persoal

A esta Área correspóndelle a xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, emerxencias , policía local .

No eido de persoal correspóndelle a xestión de persoal, os aspectos relativos á organización do Concello e ós métodos de traballo.

5. Área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo.

Este área xestiona as políticas municipais tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local , a fixación de obxectivos para a promoción das actividades económicas do Concello, as relacións cos axentes sociais e o fomento de actividades económicas, todo isto a través da cooperación en plans daquelas políticas públicas que incentiven ou propugnen o desenvolvemento de sectores productivos e de actividades económicas para un desenvolvemento axeitado da vida económica do municipio.

Esta área xestiona os plans de formación con organismos públicos,e os programas de cooperación así como a xestión das escolas obradorios.

Correspóndelle tamén a esta área a xestión de políticas municipais en materia de comercio, e as relacións coas asociacións de empresarios e comerciantes.

No eido da dinamización local, correspóndelle a esta área a xestión de políticas municipais en materia de promoción dos valores turísticos do Concello, mercados, feiras, eventos e festas.

No eido da cultura, este área xestiona as políticas municipais de promoción da cultura e equipamentos culturais , museos e exposicións de acordo coas competencias que teña atribuídas o Concello.

6. Área de facenda, patrimonio e administración electrónica

A este área correspóndelle a preparación dos orzamentos, o seguimento e control dos orzamentos, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais e prezos públicos, seguimento e control de investimentos, autorización, disposición de gastos, recoñecemento de obrigas e ordenación de pagamentos, así como da aprobación das liquidacións de ingresos.

Correspóndelle tamén o impulso e difusión do uso das tecnoloxías da información e a Administración electrónica, a promoción e implementación das TIC de xeito transversal, o control de ferramentas tecnolóxicas hardware e software a coordinación do funcionamento da Administración municipal, a axilización da tramitación de procedementos .

Correspóndelle tamén a xestión patrimonial do Concello, inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio municipal.

No eido da contratación esta área asume a xestión dos procedementos de contratación do Concello

7. Área de medio ambiente, obras e servizos

No eido dos servizos xestiona os servizos básicos municipais, ciclo da auga, recollida de residuos, limpeza de vías públicas, alumado público. Inclúese o mantemento de vías públicas e infraestruturas urbanas (mobiliario urbano, redes de servizos...), a inspección e control de servizos públicos que se prestan a través de terceiros, o mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes, así como o mantemento de edificios e instalacións

municipais, a xestión da utilización da vía pública, as autorizacións relativas á posesión de animais potencialmente perigosos.

No eido do medio ambiente correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente.

Asemade correspóndelle a planificación das obras municipais, a preparación dos plans de obras e a aprobación de proxectos de obras de nova planta.

8. Área de participación cidadá, educación e medio rural

A este área correspóndelle a xestión das políticas municipais de participación cidadá, o impulso e coordinación do asociacionismo municipal, rexistro de asociacións, coordinación dos consellos sectoriais, coordinación da atención ao cidadá, persoal e telefónica, seguimento das queixas e suxestións dos cidadás tanto as presentadas no Concello como as formuladas ante/polo Vaedor do Pobo e a participación dos cidadás no uso das tecnoloxías da información e das comunicacións, e a análise do estado das parroquias a través do cidadá, así como a posta en valor do medio rural.

No ámbito da educación este área se ocupa da vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e da cooperación coas Administracións educativas na obtención dos terreos necesarios para a construción de novos centros docentes, a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade municipal destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, e a utilización dos equipamentos educativos de competencia municipal e a programación.

9. Área de mocidade, voluntariado e protección civil

A este área correspóndelle á xestión da protección civil, e das políticas municipais de ocupación do tempo libre, a programación de actividades e das infraestruturas e as relacións con entidades xuvenís..

Ocúpase tamén este área do voluntariado

Cuarto.- Corresponderá á Alcaldía, a través da Área de Presidencia, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en torno á adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.

Quinto.- Notificar esta resolución aos Tenentes de Alcalde e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación."

6.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚMERO 886, DE DATA 13 DE XULLO DE 2020, RELATIVA A DELEGACIÓNS XENÉRICAS DA ALCALDÍA, MODIFICADA POR RESOLUCIÓN DE DATA 24 DE XULLO DE 2020.

A presidencia dá conta aos membros da Corporación Local da resolución da alcaldía número 886/2000 de data 13 de xullo de 2020, que transcrita literalmente di:

"RESOLUCIÓN

Por resolucións da Alcaldía de datas 18 de xuño de 2019 e de 8 de xuño de 2020 acordouse efectuar delegacións xenéricas das áreas de goberno municipal a prol dos/as tenentes de Alcalde.

Por resolucións da Alcaldía do día da data acordouse nomear membro da Xunta de Goberno local e sexto Tenente de Alcalde ao Concelleiro don Abraham Seijas González.

Tamén no día da data por esta Alcaldía acordouse reestructurar ás áreas de goberno local en uso das competencias de dirección do goberno e da administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, concede ao Alcalde.

Ao obxecto de adaptar as delegacións ás áreas de goberno, de conformidade coas atribucións conferidas polos artigos 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e co fin de conseguir unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Efectuar a favor do sexto tenente de Alcalde Don Abraham Seijas González a delegación xenérica da área de Mocidade, Voluntariado e protección Civil, delegación que comprenderá a dirección política de dita área e que inclúe a dirección dos servizos administrativos e a facultade de ditar actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo.- Modificar a delegación conferida por resolución de data 18 de xuño de 2019 a prol da Primeira Tenente de Alcalde, dona María Guadalupe Pombo Carril, incluíndo, en materia de política social, as seguintes atribucións que expresamente se delegan nesta Concelleira:

911	19/07/2020	Anulación liquidación practicada M.H.G. no domicilio na rúa Andrés Pan Vieiro correspondente 2º trimestre de 2020 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55 m3 / trimestre) serán os establecidos para 2º tramo 0,66€/m3	
912	20/07/2020	Aprobación lista definitiva aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a formación, polo sistema de concurso de méritos, dunha lista de substitución de enxeñeiro/a técnico de obras públicas (persoal funcionario interino).	
913	20/07/2020	Delegación na concelleira, D.ª María Penélope López Díaz, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.L.C. e A.J.P.V. o día 26-07-2020 ás 13.30 horas.	
914	20/07/2020	Delegación no concelleiro, D. Gonzalo Méndez Mosquera, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre E.F.R. e J.R.R. o día 24-07-2020 ás 18.00 horas.	
915	20/07/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a S.A.R. do recibo de auga por importe de 77,65€ do 1º trimestre de 2020, pago do recibo de luz de 176,14€ do 11-03-2020 ao 11-06-2020 e pago do recibo de gas de 190,03€ do 11-02-2020 ao 08-02-2020	
916	21/07/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.V.A.C. do recibo de gas por importe de 30,18€ correspondente ao período do 13-04-2020 ao 08-06-2020.	
917	21/07/2020	Denegación a Tecnomecánica Fiaño SL da licenza solicitada para legalización de taller de reparación e venda de carretillas elevadoras e plataformas aéreas na Av. Alvedro 33, parroquia de Almeiras.	
918	21/07/2020	Imposibilidade expedición certificación solicitada por B.V.V. de inexistencia de infracción urbanística do inmovible coa referencia catastral 82896007NH4888N0001KK.	

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 30-07-2020
919	21/07/2020	Imposibilidade expedición certificación solicitada por J.L.P. de inexistencia de infracción urbanística dos inmobles coas referencias catastrais 001600500NH49B0001LT e 002100100NH49B0001HT.	
920	21/07/2020	Incoación do oportuno procedemento para a declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa que achegou Autocaravanas Costa da Morte SL para a obra de adaptación de local para almacén de autocaravanas na rúa Leonardo da Vince 4 CLT Ledoño.	
921	21/07/2020	Aprobación conta xustificativa subvención concedida abeiro Orde 16-09-2019 pola que se aprobaron as bases reguladoras para cofinanciamento proxectos prevención condutas aditivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos.	
922	22/07/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2020/66 (TERCEIRO: M.C.V. - IMPORTE TOTAL: 2.329,25€).	
923	23/07/2020	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220200008372). (TERCEIRO: ASOCIACIÓN TRISILABO (TEATRO SEMENTE - IMPORTE TOTAL: 580,00€).	
924	23/07/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2020/67. (TERCEIRO: CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR - IMPORTE TOTAL: 6.993,96 € e máis).	
925	23/07/2020	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220200008401). (TERCEIRO: ACEROFFICE SL - IMPORTE TOTAL: 7.580,41€).	
926	23/07/2020	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 24-07-2020.	
927	23/07/2020	Delegación no concelleiro, D. Miguel Suárez García, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre S.P.P. e A.U.I. o día 25-07-2020 ás 19.30 horas.	

12.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal das seguintes resolucións:

- Resolución de data 09/07/2020 de aceptación da cesión dunha superficie de 69,57m2 para o seu destino a viario público no lugar de rúa do Polvorín, da parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 24/02/2020 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Rafael Benzo Sainz co número 571 do seu protocolo.
- Resolución de data 08/07/2020 de aceptación da cesión dunha superficie de 151,63 m2 para o seu destino a viario público no lugar de Peiro de Arriba, parroquia de Celas, formalizada en escritura pública

outorgada o 08/10/2019 e acta de subsanación de data 28/05/2020 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Gonzalo Freire Barral cos números do seu protocolo 1240 e 450 respectivamente.

13.- MOCIÓNS URGENTES

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día

14.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos asistentes se teñen que facer algún rogo ou pregunta.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do BNG, Sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o seu rogo vén dado por algo do que vén de falar o Sr. alcalde que é sobre a demagogia e o non compartir información nas comisións, pois a concelleira que fala leva xa varias veces pedindo que se lle fagan as notificacións en tempo porque non as reciben telematicamente e que tiveron que solicitar á Alcaldía, que é a que envía a documentación, que lle enviara a correspondente á comisión extraordinaria do 15 de xullo do 2020, e que a convocatoria do día 21 de xullo para a comisión do día 23 foi ás 12:27 horas, e a documentación do Eixo Atlántico enviouna a Alcaldía o 22 de xullo ás 14:59 horas, e di que claro que teñen tempo pero que todo sería máis áxil se as concelleiras e os concelleiros da Corporación puidesen ter as notificacións en tempo e forma e se se poidese estar telematicamente polo que o rogo segue sendo o mesmo, que o equipo de goberno mire de comunicar ben as cousas para poder facer ben o seu traballo como concelleiras e como representantes das veciñas e veciños; que outro rogo é referido a que nos plenos teñen que berrar demasiado porque en internet non se escoita e non sabe cal é o problema para que os micros non poidan estar conectados polo ordenador e que as veciñas e veciños do Concello de Culleredo saiban o que nas sesións se fala e non dubida dos profesionais que están facendo a retransmisión pero di que terá que facerse profesionalmente.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno atende os seus rogos.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que ten dúas preguntas, estando a primeira delas dirixida á concelleira de Educación pois a comunidade educativa (alumnado, pais, nais, profesores e profesoras, directores e directoras de centros) teñen amosado e continúan a amosar día a día a súa preocupación pola falta de previsión da conselleira de Educación para un retorno seguro ás aulas e o protocolo amosado pola Xunta é simplemente unha mofa, unha burla á comunidade educativa cullerdense, ofrecendo como única solución para manter a distancia interpersoal, que xa reducen a un metro e que permite ao alumnado e ao profesorado estar nas aulas durante seis horas ao día ou máis sen máscara, é retirar o mobiliario que non sexa indispensable ou formar grupos de convivencia estable que por suposto teñen que cumprir un mínimo de ratio que é a máxima ratio por aula, de 25 alumnos, e a única reacción da concelleira de Educación do Concello de Culleredo coa administración autónoma é o agradecemento pola súa boa disposición, dando a entender que aínda non se enterou de que hai 44 aulas no Concello de Culleredo que superan a ratio máxima permitida de número de alumnos por aula, 44 grupos con máis de 25 alumnos e alumnas, algúns con 30, e outras 38 aulas que teñen entre 24 e 25 alumnos, chegando ao límite do máximo permitido; que a Xunta chega e ofrece como solución retirar o mobiliario indispensable, polo que parece que pensa que os centros educativos de Culleredo son naves de Ikea, sen falar nada de rebaixar a ratio ou desdobrar grupos ou crear novas aulas ou contratar novo persoal, sendo a resposta da concelleira de Educación de Culleredo agradecer a boa disposición no asunto, cando o propio corpo de inspectores, que non soe pronunciarse nestes casos, a través de ADIDE, Federación de Asociacións de Inspectores de Educación, ten reclamado que as ratios será un dos factores ineludíbeis e que se terán que adaptar os diferentes espazos de maneira que se manteñan as distancias de seguridade, preguntando que vai facer o equipo de goberno

para garantir o regreso ás aulas seguro e que garanta a calidade educativa que merecen os nenos e nenas do Concello de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira de Educación, Sra. Méndez Sánchez, e di que na reunión que tiveron do Consello Escolar agradeceu a boa disposición da Consellería sen referirse para nada ao protocolo que describe o Sr. Méndez Mosquera senón que o que agradeceu foi ás intencións que hai de facer algo diferente pois deulle a posibilidade aos pais, aos profesores e aos directores dos centros de Culleredo para relacionarse directamente coa Consellería no propio salón de plenos de Culleredo; que os pais preguntaron as súas dúbidas á Subdelegada e ela deulles as respostas sendo a competencia do Concello axudar aos pais a que falen coa Consellería, algo que ela fixo no Consello Escolar Municipal e todos os pais que quixeron, e profesores e directores, falan coa Consellería.

De seguido solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, pregúntalle á Sra. Méndez Sánchez se ela é a recepcionista da Consellería.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que o regulamento indica que as preguntas non son para entrar en debate e que o Sr. Méndez Mosquera fixo unha pregunta e a Sra. Méndez Sánchez respondeuna polo que non hai lugar a máis debate.

A continuación o Sr. Méndez Mosquera solicita de novo o uso da palabra e, unha vez concedido, di que ten outra pregunta que está vindo moito a colación neste pleno e novamente piden, xa non polo anacronismo que supón no século XXI senón pola seguridade da veciñanza e porque esta o está pedindo xa que fixo unha recollida de sinaturas e presentouse no día de onte no rexistro na que se solicita que por favor publique os orzamentos de 2020 aprobados inicialmente na páxina web para cumprir co dereito de acceso e consulta da veciñanza; que nestes momentos xa se sabe que estamos a vivir unha situación moi especial na que hai que solicitar cita previa para acudir ás dependencias do Concello e acceder aos seus servizos e, falando claramente, di que non se pode ir con proxectos rimbombantes como Culleredo Smart City cando non se é quen de facer o máis fácil que é publicar un pdf na páxina web para asegurar hoxe e nestes próximos días que xa comezaron e que van correndo, que a veciñanza teña acceso e posibilidade de consulta dos orzamentos, preguntando se pensa publicalos na páxina web.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o equipo de goberno fixo a consulta á Consellería de Economía e Facenda e din que cumpren escrupulosamente o procedemento para estes casos e hai cidadáns que están pedindo cita aos que se lle está dando para ver o documento e ese é o procedemento co que se vai continuar.

Solicita intervir novamente o Sr. Méndez Mosquera e, unha vez que o Sr. alcalde lle concede o uso da palabra, di que se sabe que se está nunha situación de pandemia e hai xente que non se quere achegar a unhas dependencias no Concello por medo, por seguridade, ou por coidar da súa familia, polo que non estaría de máis que se lles dera esa posibilidade a través simplemente de colgar un pdf na páxina web do Concello e que si é certo que cumpre coa súa obriga pero non é tan complicado ir un pouco máis alá para permitir neste momento dar acceso á veciñanza de Culleredo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que insiste en que se cumpre escrupulosamente co procedemento.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que por complementar o rogo do seu compañeiro quere indicar que hoxe lle comentou unha persoa que pediu cita e lla deron para o día 19 de agosto.

Responde o Sr. alcalde-presidente que hoxe había citas e non viñeron, estando todo o persoal esperando polas persoas que tiñan cita hoxe e non se presentaron, sendo algún un dos asinantes do documento mencionado.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido, seguindo co seu uso da palabra, di que ten outras dúas cuestións sendo a primeira que no pleno do mes de xuño solicitaron un informe sobre denuncias e chamadas á Policía Local por

49 de 55

incumprimentos da ordenanza de terrazas, sendo unha petición de informe para unha cuestión que vai ao Pleno, un dereito que recoñece o Regulamento Orgánico Municipal como membros do grupo político do BNG e concelleiros en Culleredo e seguen agardando por ese informe; que quere que se lles pase o dito informe, máxime cando na dación de conta das resolucións da Alcaldía deste mes vese que se incoaron tres expedientes por unha cafetería que é obxecto de reiteradas denuncias pola veciñanza na rúa Anxo Senra, incoación de expedientes sancionadores por incumprimento de horarios, polo menos dúas delas moi graves; que o equipo de goberno ten múltiples denuncias escritas e telefónicas da actuación municipal que teñen que estar rexistradas no rexistro da Policía por incumprimento da ordenanza de terrazas, porque non deixan paso, porque van máis alá do que a ordenanza establece que se pode abarcar en canto á fachada, porque non se expón o croquis da autorización da que dispón, porque ten un mobiliario almacenado que supera a capacidade que un pode estimar que tería dereito para ocupar, que teñen un escrito de 130 sinaturas desde o mes de xaneiro, xa hai máis de seis meses, da veciñanza que está farta de que o equipo de goberno nin cumpra nin faga cumprir a Lei, e insiste neste comentario, en que nin cumpre nin fai cumprir, porque é este un comentario que todos os membros da Corporación tiveron que ler cando puxeron a man na Constitución e xuraron ou prometeron o seu cargo; que hai pouco entrou un novo concelleiro e houbo ocasión de escoitalo outra vez, a promesa ou o xuramento, e incóanse expedientes por incumprimento pero non máis alá dos horarios pero se esta situación podería parecer exclusiva dunha zona concreta da Cross no Burgo, resulta que chegan queixas ao BNG de incumprimentos noutros lugares que son obxecto de múltiples requirimentos de actuación por parte da Policía Local como é o caso da veciñanza da rúa Hersa e Sanjurjo de Carricarte, as rúas peonís do Burgo, que trasladan ao BNG que ao requirir a unha cafetería que está na rúa Hersa que retire os elementos fixos que non están permitidos nunha terraza e que coloca sillas e mesas de tal forma que impide a mobilidade, incumprindo a ordenanza de terrazas, o propietario contesta que o retirará cando o retire e coloque o bar da familia do concelleiro de obras, servizos e medioambiente, o encargado de facer cumprir a dita ordenanza, polo que lle pregunta ao concelleiro de Medio Ambiente se non lle dá vergoña que a veciñanza o vexa así; que o outro día falou de prevaricación e el descoñece o que diría un xuíz ao respecto pero si sabe o que di a xente, como avalían estas actitudes, e sabe tamén como o ve o BNG e como a administración municipal non abre expedientes por incumprimentos manifestos e reiterados alongados durante anos e que teñen á veciñanza farta e escandalizada, pensando que o concelleiro debería deixar o cargo se tivera un mínimo de decencia política no caso de non facer cumprir o establecido, polo que o rogo é ese, que o faga cumprir ou que deixe o cargo, invitando ao resto de grupos da oposición a sumarse ao seu rogo.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o Sr. Chouciño Garrido cada día lle sorprende máis porque a súa postura de oposición está collendo uns matices que non son nin sequera tolerables pois non comproba persoalmente como son as cousas, encantándolle dar unha imaxe de Culleredo totalmente torticera e negativa, e aínda que xa sabe que Culleredo non está exento de ter problemas, sabe que os maiores problemas que hai neste momento o teñen os hosteleiros que estiveron catro meses parados; que o Sr. Chouciño fala de ilegalidade cando non hai ningunha sentenza que diga que o que se fai en Culleredo sexa irregular e que cando chegan os expedientes da Policía Local informando ilegalidades faise un comité instrutor cos funcionarios e funcionarias do Concello que son os que teñen que instruír as posibles ou hipotéticas infraccións que se poidan cometer, funcionarios e funcionarias que teñen independencia e autonomía para facelo así, pedíndolle ao Sr. Chouciño Garrido que non menosprecie aos hosteleiros de Culleredo sexan pais, nais, irmáns ou outro familiar de calquera concelleiro da Corporación pois en todo caso, ningún é responsable do que poida facer un fillo, un pai, unha nai cando estes xa son maiores de idade, polo que debe deixar os comentarios persoais, pedíndolle ao Sr. concelleiro de Medio Ambiente que nunca conteste a ese tipo de mezquindades ou a este tipo de oposición porque hai que ter un pouco de dignidade e hai que ser do pobo para saber ás veces do que se fala e non vir ao Pleno para dicir tonterías.

De seguido solicita o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo político BNG quen, unha vez concedido, di que o seu grupo ten falado con bares, con hosteleiros, cando rematou a fase dúas, cando avaliaban a posibilidade de abrir ou non ao 50% da súa capacidade, e moitos decidiron non abrir, abrindo algúns que por motivos

que se descoñecen, si tiveron garantía de que podían irse moito máis alá incurrindo en problemas de saúde pública denunciados polos veciños e que por motivos tamén descoñecidos non se lles reclama nin se lles fai cumprir polo que lle pide ao Sr. alcalde que non lle fale de calidade, pois calidade é o que o BNG lle está reclamando, calidade veciñal, calidade de convivencia entre todos e non soamente dunhs poucos; que lles informaron da existencia dun conflito que houbo entre un policía, un camarero e un cliente de un bar por un requerimento deste tipo, sendo isto o que hai que evitar, porque o equipo de goberno saberá mellor que el que a Policía está sendo ninguneada polo equipo de goberno porque ao non executar as instrucións que lles traslada a Policía en canto a requerimentos de facer cumprir esas ordenanzas o que fan é desacreditala cando deberían abalar a actuación dos funcionarios públicos, especialmente da Policía Local e que tiveran un respaldo de que a súa palabra vale e a súa palabra é Lei.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que lle parece vergonzoso que o Sr. Chouciño Garrido fale neses termos e que o que vai conseguir e que ninguén queira vir ao Concello de Culleredo, e que a Policía Local ten os seus propios canles para chegar ao equipo de goberno como así o fan puntualmente, sentíndose avalados e respaldados pola xestión do goberno municipal, e nesa materia moito máis porque son moito máis solidarios que o Sr. Chouciño Garrido e entenden os problemas da xente.

A continuación intervéñe o Sr. Chouciño Garrido e di que ten outra cuestión relativa a que no Rego das Xesteiras, ese espazo natural que hai en Culleredo, cortáronse ameneiros e en especial un que cruzaba un espazo aberto que alí hai e que usaban os rapaces polo que roga se investigue dita actuación pois considera que ese espazo debería aumentarse e non minuíarse.

Continúa a súa intervención o voceiro do grupo político do BNG e di que, por último, teñen outras dúas cuestións, unha delas moi breve pois xa é reiterada pois é a solicitude da sentenza que obriga ao Concello de Culleredo a arranxar a praza de Galicia así como do proxecto correspondente.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta ao Sr. Chouciño se non ten acceso á Xunta de Goberno porque neste órgano dase conta de todas as sentenzas

Responde o Sr. Chouciño Garrido que si ten acceso e que a revisará porque non se dá conta de velo na Xunta de Goberno.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que, por último, ten outro rogo en relación á actuación en Orro de corta de eucaliptos que ocasionou desperfectos nos muros do castro de Orro debido á utilización de maquinaria pesada e que o uso deste tipo de maquinaria está prohibido nesas zonas e que parece que alí acudiu a Policía Autonómica e o Seprona a petición da veciñanza e supón que documentarían a denuncia veciñal; que segundo dixeron aos veciños existía un proxecto de extracción para retirar eses eucaliptos e pódese ver como quedou ali todo secándose e supoñendo un perigo de incendio inminente; que non se retiraron todos os eucaliptos e quedaron os máis novos, de menos interese comercial, e que no seu crecemento ocasionarán un deterioro do subsolo desa zona, polo que o seu rogo é que o equipo de goberno cuantifique os danos, identifique aos responsables, que colabore coa Policía Autonómica e co Seprona para que se tomen medidas para que se protexa a contorna do Castro e se finalice o conxunto patrimonial e que lle dean acceso ao expediente de concesión do permiso de corta e non se devolva a garantía, se existe, porque é preceptiva a súa constitución nos procedementos deste tipo en tanto non se verifique que a actuación axustouse ao proxecto que supostamente validouse desde o Concello e así esixirle as responsabilidades que correspondan.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que atenden o seu rogo e lle informa que a Policía Autonómica e o Seprona son os que teñen a competencia para facer as investigacións oportunas e cando se dan casos destas características o que fan xeralmente é solicitar o expediente que puidera haber independentemente de que a autorización para as talas a dá a consellería correspondente notificando ao Concello o lugar onde se van realizar para que este teña coñecemento.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que ten varios rogos e preguntas pero quere comezar cun rogo previo en relación á intervención do Sr. Chouciño pois efectivamente os concelleiros xuran a Constitución, cumprir a Lei, pero non se pode entrar en ataques persoais ou a familiares, parientes e amigos debendo medir as palabras porque a ninguén se lle ocorre entrar en ningún descalificativo coa familia de ningún compañeiro porque a fin de contas, aínda que a nivel político haxa discrepancias, son compañeiros, e traer ao pleno os trapos sucios, chantaxeando e pedindo a dimisión do concelleiro de obras e servicios por un tema da súa familia parécelle o máis ruín que viron na Corporación de Culleredo e solicita se lle dea réplica ao Sr. Chouciño e se lle dea a oportunidade de retirar as súas palabras porque se a el lle sentou mal e non vai con el non quere nin imaxinar como lle sentiría ao Sr. Carlos.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que neste mesmo día se lle deu traslado da resposta ás preguntas que fixo no anterior pleno e faltan preguntas por contestar como a relativa ao ICIO ou ao reparto de concellarías, das competencias, sen que se responda tampouco a unha pregunta feita á concelleira señora Marta sobre cando se ían iniciar as obras de Fonte da Balsa.

Responde o Sr. alcalde que as preguntas non son obxecto de debate e se quere máis información respecto do solicitado ten que remitir un correo á Alcaldía e el estará encantado de ampliar a información ou de darlle unha cita para persoalmente explicarlle ben a situación.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que outra pregunta feita no pleno anterior e da que non se lle deu resposta tampouco foi a relativa á piscina municipal.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde e di que a acta da sesión anterior está sen rematar e puidera ser que algunha das preguntas que fixo non estivera recollida porque a intención do equipo de goberno é responder a todas e cada unha delas polo que roga que se algunha das preguntas feitas no pleno anterior non se respondeu o comunique porque puidera ser que non estivera recollida na acta e haxa que incorporala.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que en relación ao páxina web do Concello, o Sr. alcalde-presidente fala do programa de globalización do Concello, da posta a disposición ao cidadán de ferramentas dixitais polo que pide un pouco de coherencia e pregunta cando ten pensado o equipo de goberno actualizar a páxina web do Concello e canto gasto está a soportar esta sede electrónica que non dá resposta a cuestións tanto de Urbanismo, con respostas progresivas no tempo desde que entrou a lexislatura preguntando en que data estará o Concello renovado pois o Sr. alcalde dixo que o departamento de Informática está traballando niso pero non concretou unha data.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o departamento de Informática está traballando neste tema, preparando uns pregos para poder contratar persoal e adherirnos á plataforma da Deputación, que para nada é gratuíta, e realizar a migración de datos desde o programa actual e implantar ese novo sistema, prevendo os técnicos informáticos da Deputación que como mínimo tardará seis meses pois o que máis traballo dá é a migración de datos desde o actual sistema informático do Concello, comprometéndose a técnico de Informática de Culleredo a entregar ditos pregos no mes de setembro xa que neste momento estase en período vacacional e que entregará un borrador de como ela pensa que se ten que realizar todo o proceso de dixitalización do Concello de Culleredo; que os técnicos informáticos da Deputación xa informaron de que calquer outro sistema informático pode ser válido e que o que ten dito organismo é un software que cede aos concellos pero a súa implantación, ao non ter sido ao principio, é tanto ou máis cara que a implantación dun sistema novo pero, dado que os informáticos do Concello non ven con malos ollos este trasvase de datos ao sistema de Deputación vanse facer os devanditos pregos, aínda que xa se sabe que hai sistemas mellores e concellos como o de Ames xa optaron por cambiar porque dado o volume de traballo que teñen o sistema da Deputación non lles resultaba suficiente; que se está tratando de encaixar todo o tema de realización de pregos e posterior licitación nos fondos Edusi polo que todo máis tardar no mes de outubro ten que estar colgada na plataforma de contratación do Concello.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que ten outra pregunta relativa a unha factura relacionada con este tema pois todos os meses emítese unha factura con reparos da Intervención e a Secretaría municipais, da empresa Ártabra Comunicación, S.L.; que outra pregunta que quere facer é en relación aos muíños de Acea da Ma, que aparecen tamén na páxina de Patrimonio do Concello como unha obra de arte monísima e valiosísima pero está que se cae cun foso cheo de lodos e un paraugas alí enraizado como mínimo dende o mes de xaneiro polo que pregunta se o equipo de goberno ten pensado limpar e cumprir as mínimas normas de mantemento e limpalos para poder sacarllles verdadeiramente o proveito que a nivel externo se vende.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que considera que os muíños de Acea da Ma son unha das xoias que ten o Concello de Culleredo e que a el persoalmente tampouco lle gusta a situación na que se atopan neste momento polo que o equipo de goberno ten pensado encargar un proxecto e buscar axudas externas para abordar o gasto de recuperar a pedra que hai baixo ese revestimento e recuperar a situación de orixe dos muíños de Acea da Ma, pensando tamén en arranxar o interior dos muíños e poñelos ao servizo das necesidades que poida ter a área de Cultura ou outras do Concello.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e pregunta por que no portal de transparencia do Concello non consta a declaración de bens e incompatibilidades do ano 2019.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a súa está pero que por un problema de prazos por mor do estado de alarma puidera haber algún retraso.

Intervén o Sr. Prieto García e di que está a do 2020 pero non a do 2019.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que ese é un tema de Secretaría e que é un requisito que deben cumprir todos os concelleiros e concelleiras da Corporación; que el persoalmente nunca entrou en ningún link dese tipo e que simplemente limitábase a entregar a súa propia na Secretaría municipal cando corresponde.

Retoma a súa intervención o Sr. Prieto García e di que ao seu grupo lle chegaron queixas dalgún grupo de arquitectos sobre as consultas na rede sobre planeamento urbanístico pois non está adaptado aos ordenadores ordinarios e non se pode obrigar á poboación a utilizar un navegador obsoleto para usar ditas plataformas.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que ese é un dos temas urxentes que teñen no servizo de Contratación para solucionar xa no caso de que non estea xa solucionado.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que ao seu grupo chegan queixas continuadas pola atención que o Concello está a prestar por mor do estado de alarma pois as citas danse para moi tarde e os teléfonos non se atenden e todos os días na entrada do edificio hai broncas e follóns por este tema.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que efectivamente hai problemas como en todos lados pero que el está no Concello todos os días e non ve esas broncas e follóns dos que fala o Sr. Prieto García, e que puidera ser que houbera certo nivel de malestar na cidadanía e que moitas veces teñen razón porque a Administración, tanto en Culleredo como noutros sitios, está a pasar unha situación complicada respecto á atención cidadá e que el falou cos distintos departamentos que teñen cita previa como pode ser o de Rexistro e Padrón e están saturados e con poucos visos de solución a curto prazo, solicitándolle ao Sr. Prieto García que o comprobe persoalmente pois podería parecer unha disculpa cando non o é e neste momento pídesse un certificado de empadramento para todo, non servindo un volante, tanto para o colexio dos rapaces como para a renda mínima vital ou as hipotecas, e que ás veces por mor dos prazos, a unha persoa dáselle unha cita tardía e a outra que chama cinco minutos máis tarde dáselle para antes porque lles vence algún prazo.

Intervén o Sr. Prieto García e di que o seu grupo en ningún momento lle bota a culpa aos departamentos senón á falta de medios; que Culleredo é un Concello grande, con moitas necesidades, e pregunta se o Sr. alcalde cre que é

53 de 55

positivo para o Concello que sexa alcalde, deputado provincial, estar pendente da Mesa de Contratación da Deputación, pertencer á Federación de alcaldes, etc., preguntando se non considera máis oportuno renunciar a todos estes postos e centrarse en Culleredo pois foi esta unha das promesas electorais que fixo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta ao Sr. Prieto García se considera que estar neses postos non é representar ao Concello de Culleredo e que está preparado para iso e para moito máis, descoñecendo o Sr. Prieto García a capacidade de traballo e de sacrificio que ten o alcalde de Culleredo e que aínda que o vexan en sitios diferentes á propia casa consistorial iso non indica que non veña de facer cousas en pro do Concello e que as 24 horas do día está dedicado ao Concello de Culleredo.

A continuación o Sr. Prieto García pregúntalle ao Sr. Liñares Gestal se é consciente das irregularidades manifestas que tanto a Intervención como a Secretaría municipais relacionan pola falta de contrato de múltiples servizos municipais.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que no Concello hai reparos de Intervención e hai técnicos municipais que levantan o reparo e o Sr. alcalde levanta os reparos e que cando tanto el como o propio concelleiro levantan un reparo é porque saben que iso se fixo, e non hai enriquecemento ilícito nin nada polo estilo; que a Fiscalía xa entrou no Concello de Culleredo por unha denuncia de Alternativa dos Veciños polo mesmo motivo que agora describe o Sr. Prieto García e arquivou o asunto.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira de Alternativa dos Veciños, Sra. Ferreiro Varela quen, unha vez concedido, di que non é certo que o asunto estea arquivado e que a Fiscalía envía un escrito no que indica que se ven motivos se envíe o asunto ao Xulgado, ofrecéndose a amosar a carta recibida con esta invitación e a colgala na páxina web do Concello se o alcalde presta a súa conformidade.

Responde o Sr. alcalde e di que el non está en acordo nin en desacordo e que el fala da contestación que se recibiu no propio Concello da Fiscalía que di que o pasa ao Consello de Contas; que non ten por que facer debate da xudicialización do Concello.

A continuación o Sr. Prieto García pregunta polo tema das estradas municipais dos que xa se falou en numerosas ocasións e nas que sempre se obtivo como resposta que ao estar chovendo non se podía facer preguntando agora se o equipo de goberno está esperando a que volva a chover ou se pensa arranxar toda a zona de Castro, a parte de atrás de Almeiras, toda a zona rural do Concello.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o Sr. Prieto García fai un momento recriminaba que se fixeran as obras sen contrato e agora pide que se fagan de calquera forma polo que pide que se aclare e informa de que se están realizando proxectos para arranxo de estradas por importe de dous millóns de euros e que neste momento están cuantificados un millón e medio de euros para arranxo de estradas no municipio de Culleredo que irá licitado polo procedemento reglamentario.

Pregunta o Sr. Prieto García que data se lle pode dar á veciñanza nesta cuestión.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que hai que facer os pregos, sacar as obras a licitación, contratar e arranxar polo que de momento non pode dar unha data concreta.

Intervén o Sr. Prieto García e pregunta polo contrato para a gravación dos plenos, se se vai sacar a súa adxudicación a concurso ou como un contrato de contía menor de servizos.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que non o sabe e que o ten que mirar.

O Sr. Prieto García indica que ao seu grupo lle gustaría ter a resposta tanto sobre a forma de adxudicación como das condicións técnicas que se piden pois como ben indicou a concelleira do BNG na súa intervención o outro día

caeu a emisión e non pode ser que se estea dous meses de corentena sen sesións plenarias e estar gravando agora con teléfonos móbiles preguntando se, no caso de repuntes da pandemia, estará a plataforma preparada para que os concelleiros poidan ir ao pleno desde a súa casa ou van ter que estar outros dous meses na casa esperando a sesión presencial cun iphone gravando.

Responde o Sr. alcalde que si existe esa plataforma.

Pregunta o Sr. Prieto García se existe o contrato.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que xa o mirará e que non pode pretender o Sr. Prieto García que lle conteste no momento pois prefere asegurar que contesta con veracidade.

Intervén o Sr. Prieto García e pregunta polo wifi do Concello pois aos grupos non lles chega e xa o solicitaron nalgunha ocasión.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que hai puntos aos que non chega a sinal porque o Concello ten un sistema de seguridade e hixiene que ás veces dificulta esa chegada e que ao seu despacho hai momentos nos que tampouco chega.

Pregunta o Sr. Prieto García polas reparacións nos bancos en Paseo Rego de Trabe pois o outro día el ía paseando por alí e literalmente unha nena se deixou alí os dentes pois pinzoulle a bici e foi de morros e que isto é responsabilidade do Concello que non se pode limitar a facer a obra e deixala sen mantemento; que toda a zona desde A Laboral cara á avenida de Vilaboa, por Vicente Risco, os bancos teñen a madeira podrida; que a zona de alcantarillado pegada aos colexios está chea de porquería, con ratas tanto na zona de Fonteculler como na zona de Río Trabe, na zona de parque dos rapaces, nunha zona urbana dun concello que ten un orzamento de 27 millóns de euros.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o feito de vivir nunha zona urbana non indica que non haxa biodiversidade e que xa lle explicou noutras ocasións a situación, pedíndolle ao Sr. Prieto García que non faga demagogia desa situación.

Seguidamente o Sr. Prieto García di que, por último, quere pedirlle ao Sr. Liñares Gestal que lea o artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público e que sexa consciente do que se está a facer porque considera ao dito concelleiro unha boa persoa e que non fai nada malintencionadamente pero existe un deber de diligencia por parte do responsable do servizo

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace,

O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente nesta data pola xefe da asesoría xurídica que actuou
como Secretaria accidental nesta sesión)

C.I.F. P-1503100-H